

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------------------------|----------|---------------|
| 15001367 | CEIP Plurilingüe de Abanqueiro | Boiro | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Educación plástica e visual | 1º Pri. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 13 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 14 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 14 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 15 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 15 |
| 7.2. Actividades complementarias | 15 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 16 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 17 |
| 9. Outros apartados | 17 |

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal.

Débase aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

A cada vez maior presenza da lingua inglesa no entorno (no cine, música, televisión) é un factor condicionante que fai que a maioría das oportunidades de aprendizaxe non se den só no entorno escolar. Normalmente é a situación concreta da clase de lingua estranxeira un lugar máis, pero moi importante, para que a comunicación e a aprendizaxe en dita lingua poida levarse a cabo. Esta circunstancia fai necesaria a inclusión de contidos que incorporen situacións de comunicacións propias de ámbitos diversos ademais do académico, especialmente os das relacións sociais e os medios de comunicación. É por isto que o noso centro é plurilingüe na área de plástica en inglés, integrando á persoa auxiliar de conversa en todas as sesións nas que se imparte.

O CEIP Plurilingüe de Abanqueiro é un centro público situado no Lugar de Exipto, Parroquia de Abanqueiro no concello de Boiro, provincia de A Coruña. Trátase dunha zona costeira no sur da provincia da Coruña. O municipio de Boiro, situado na comarca do Barbanza, ten unha bela franxa costeira salpicada de fermosas praias dende as que se pode observar como as bateas de ostras e mexillón forman parte do elemento paisaxístico. Abanqueiro, unha das oito parroquias de Boiro, está formada por núcleos de poboación coma Exipto, Aldeagrande, Triñans, Graso, San Martín e Chazo. Esta parroquia ronda os 4000 habitantes que viven maioritariamente do marisqueo e da acuicultura marina, especialmente do cultivo do mexilón. Outros traballan na conserveira Jealsa-Rianxeira que está ubicada no porto de Bodión-Abanqueiro.

O CEIP Plurilingüe Abanqueiro é un centro público de Educación Infantil e Primaria. Maníftase laico e respetuoso con tódalas crenzas, plural, tolerante e democrático, co fin de que o alumnado vaia formando o seu propio criterio e poida tomar decisións responsables.

O grupo de alumnado ao que vai dirixida esta programación consta de 24 alumnos, un deles presenta necesidades específicas de apoio educativo que se terán en conta á hora de programar as actividades. Pola experiencia do curso anterior, é un grupo participativo, con diferentes ritmos de aprendizaxe.

A finalidade principal na Educación Primaria da área de plástica neste centro será:

- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.
- Representar a través desta área as conmemoracións que se leven a cabo ao longo do curso porque cremos que esta área ofrece un escenario apropiado para o intercambio cultural.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | | 3 | | 1-2 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | 1 | | 2 | 5 | 2 | 1 | 3-4 |
| OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Back to school! | Durante o primeiro trimestre elaboraremos diferentes manualidades relacionadas coas celebracións e conmemoracións, e empregando de forma prioritaria elementos naturais presentes na contorna (follas, pedras, froitos...), así como materiais de refugallo. | 34 | 14 | X | | |
| 2 | We are painters | Realizaremos obras baseadas no inverno e nas diferentes conmemoracións, empregando diferentes técnicas pictóricas (acuarela, puntillismo, pastel...). | 33 | 11 | | X | |
| 3 | Summer is coming | Elaboraremos distintas creacións relacionadas cos últimos meses do curso, co seu clima, celebracións... e empregando as técnicas previamente traballadas. | 33 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 1 | Back to school! | 14 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre o emprego da arte con elementos naturais. | | |
| CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Investiga as características das obras traballadas. | | |
| CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Identifica rasgos básicos dos elementos empregados. | | |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas. escoita con respecto a audición da estación do outono de Vivaldi. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Descobre o emprego da arte con elementos naturais. Relaciona os elementos plásticos coa natureza e co medio (outono). | TI | 100 |
| CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Investiga as características das obras traballadas. | | |
| CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual. | Colabora de xeito positivo na realización dun mural grupal. | | |
| CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Investiga as características das obras traballadas. | | |
| CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Comprende a información en esquemas previos. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e mostra interese polo uso destas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Emprega a liña aberta e pechada, experimentando con elas para completar debuxos no ordenador e colorea debuxos arrastrando diferentes tonalidades co ordenador. | | |
| CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Goza coa elaboración de obras plásticas. | | |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. |

Contidos

- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 2 | We are painters | 11 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre o emprego da arte con elementos naturais. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Investiga as características das obras traballadas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Descobre o emprego da arte con elementos naturais. | | |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Valora e respecta as obras propias e as dos compañeiros/as. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Elabora portadas e colaxes empregando as ferramentas e as técnicas básicas: recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores... | | |
| CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual. | Valora e respecta as obras propias e as dos compañeiros/as. | | |
| CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas. | | |
| CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre no ordenador e na pantalla dixital composicións con figuras xeométricas básicas sobre fondo negro. | | |
| CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Produce co ordenador obras sinxelas usando formas xeométricas básicas. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. | | |
| CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual. | Elabora co ordenador figuras formadas coas formas xeométricas traballadas. | | |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Goza coa elaboración de obras plásticas. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | Summer is coming | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Descobre o emprego da arte con elementos naturais. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Investiga as características das obras traballadas. | | |
| CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Descobre o emprego da arte con elementos naturais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Investiga as características das obras traballadas. | | |
| CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Investiga as características das obras traballadas. | | |
| CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual. | Investiga as características das obras traballadas. | | |
| CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto. | | |
| CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Identifica no ordenador e na pantalla dixital diferentes formas de representar o espazo. | | |
| CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Investiga as características das obras traballadas. | | |
| CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Realiza e completa co ordenador debuxos con distintos tipos de liña. Relaciona partes do corpo coa figura humana. Experimenta distintas formas de representar o espazo. | | |
| CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Realiza e completa co ordenador debuxos con distintos tipos de liña. Relaciona partes do corpo coa figura humana. Experimenta distintas formas de representar o espazo. | | |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Describe de forma sinxela obras propias e alleas. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta as producións propias e alleas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. |

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación didáctica remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes unidades didácticas.

As diferentes unidades didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.

Resaltar aquí a función do auxiliar de conversa que será un pilar fundamental na motivación do alumnado de cara á utilización da lingua inglesa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|------------------|
| Pantalla dixital |

| |
|---|
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc. |
| Pinceis e témperas |
| Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras |
| Cartulinas e folios |
| Todos aqueles outros que se poidan ir necesitando ó longo do curso. |

As sesións de Educación Plástica e Visual levaranse a cabo na aula habitual do grupo. Conta con baño e lavabo ao lado, o que facilita o lavado de mans.

A disposición do alumnado será en gran grupo, con actividades individuais e en grupo/parellas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Despois de revisar os informes finais do 2º ciclo de Educación Infantil e falar coa titora do curso anterior, de ser posible, levarase a cabo unha serie de observacións para coñecer o punto de partido do alumnado. Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Estas observacións xirarán en base ao uso das tesoiras, nivel de desenvolvemento da motricidade fina, creatividade, esbozo do esquema corporal, debuxo libre, calidade ao colorear...

Unha vez realizadas todas estas observacións, e de ser necesario, tomaranse as medidas pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 34 | 33 | 33 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A totalidade dos criterios de avaliación da materia serán avaliados a través dunha táboa de indicadores. Estes indicadores iranse valorando para cada alumno/a ao longo do desenvolvemento de cada unha das unidades didácticas, obtendo así unha calificación final para cada unha delas. A calificación trimestral será a media de cada unha desas calificacións finais. A calificación ordinaria será a media final do curso.

Criterios de recuperación:

Esta materia considérase evolutiva ao longo de todo o curso dada a idade do alumnado para o cal está destinada, alumnos/as en fase de desenvolvemento psicomotriz e sen acadar o pleno desenvolvemento da súa motricidade fina. Por este motivo non se establecerán uns criterios concretos de recuperación para aqueles alumnos/as que non acaden os mínimos de consecución ao final de cada unidade, senón que se continuará traballando e reforzando aqueles puntos onde amosen dificultades para lograr telos superados ao final de curso.

Aínda así informarase disto á familia e á persoa titora para que estén informados das dificultades que se están a observar.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo. A pesar diso trataremos de que nas sesións de educación plástica todo o alumnado faga as mesmas actividades, cada un dentro do seu nivel de desenvolvemento. Contemplarase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...

Procurarase poñer énfase na cooperación entre iguais.

Poñerase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Tamén se farán, se fose preciso, adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | | | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | | | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | | X | |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | | |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------|--|----------|----------|----------|
| Saída ao patio da escola | Recoller distintos tipos de materiais da natureza para elaborar unha obra de arte efémero. | X | | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Decoración de corredores do centro | Decorar os corredores do centro seguindo a temática das festividades reflectidas no calendario escolar. | X | X | X |
| Elaboración de castañeiros | Facer os castañeiros para usar o día do Magosto. | X | | |

Observacións:

Todas aquelas outras que poidan xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adaptouse o deseño das unidades didácticas ás diferentes características e necesidades do alumnado. |
| O 90% do alumnado supera a materia de forma satisfactoria. |
| Metodoloxía empregada |
| Fíxose uso da metodoloxía recollida na presente programación. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade necesarias e foron efectivas. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Aportouse información ao titor sobre o desenvolvemento do alumnado na materia de plástica. |

Descrición:

A maiores dos indicadores de logro descritos anteriormente, tamén se terán en conta todas as aportacións feitas polo alumnado ao longo do curso para a mellora da práctica docente, así como unha enquisa para ver o seu grao de valoración.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tras o remate de cada trimestre revisarase a presente programación. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da programación no apartado correspondente do PROENS:

- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da programación con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo, redactaranse propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados